

Recurso nº 77/2018**Resolución nº 66/2018****RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN
PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA**

En Santiago de Compostela, a 31 de agosto de 2018.

VISTO o recurso especial en materia de contratación interposto por C.A.T.S. actuando en nome e representación de WILLIS IBERIA CORREDURIA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A. contra o acordo de adxudicación do contrato de servizos de mediación e asesoramento en materia de seguros da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia da Consellería de Facenda, expediente FAC 05/2018, este Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal, en adelante) en sesión celebrada no día da data, adoptou, por unanimidade, a seguinte Resolución:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Pola Consellería de Facenda convocouse a licitación do contrato de servizos de mediación e asesoramento en materia de seguros da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, cun valor estimado declarado de 2.139.115,88 euros.

Tal licitación foi obxecto de publicación no perfil o día 22.02.2018, no DOUE do 22.02.2018 e BOE do 3.03.2018.

Segundo.- Segundo o expediente da licitación, o contrato estivo sometido ao texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro (TRLCSP, en adelante)

Terceiro.- Impúgnase a resolución do 23.07.2018 pola que se adxudica o contrato a AON GIL Y CARVAJAL, S.A., CORREDURÍA DE SEGUROS (en diante, AON).

Cuarto.- En data 13.08.2018 WILLIS IBERIA CORREDURIA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A (en diante, WILLIS) interpuxo recurso especial en materia de contratación contra a dita resolución de adxudicación de 23.07.2018, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia.

Como antecedente, esta recorrente interpuxera recurso contra unha previa adxudicación nesta licitación, de 04.06.2018, principalmente, por considerar contrario a dereito a mesma en canto a avocación acordada para tal resolución. Tamén solicitaba a revogación da denegación do acceso ao expediente, en virtude do artigo 52 LCSP.

Tal recurso foi admitido parcialmente pola Resolución TACGal 44/2018, de 10.07.2018, no sentido de que:

“Polo dito, debemos anular a resolución de adxudicación, se ben co efecto de que se proceda á retroacción do procedemento ao momento inmediatamente anterior á súa emisión, para que se adopten as medidas que xuridicamente correspondan para a configuración da competencia do que vai adoptar a decisión de adxudicar este contrato, estando xa referenciadas normativamente as esixidas para o caso da avocación.

Neste sentido, dado que estamos a falar da retroacción para, no seu caso, configurar xuridicamente ese estadio previo da competencia de quen debe adoptar a decisión de adxudicación que, como tal, ten que ser novamente ditada, non podemos negar a lexitimación ad causam de WILLIS, sen prexuízo da súa posición nos lotes, pois tal posición neses lotes deriva precisamente da resolución que ha de volveuse a emitir segundo o dito, adoptando ademais unha liña pro actione ao respecto. Isto unido, finalmente, a que a competencia para adoptar a adxudicación foi configurada como un todo, para o conxunto de lotes, polo que a súa anulación debe ter a mesma dimensión.”

En base a isto, o órgano de contratación decretou primeiramente a retroacción de actuacións ao momento inmediatamente anterior á emisión da resolución de adxudicación, ditou e notificou a resolución de avocación, non cuestionada xa, e finalmente a resolución de adxudicación de 23.07.2018, onde se adxudican os 4 lotes a AON, que é o aquí impugnado. Logo veremos que na clasificación das ofertas, WILLIS só acada a segunda posición nos lotes 1 e 3, sendo terceiro nos lotes 2 e 4.

Quinto.- Con data 14.08.2018 reclamouse á Consellería de Facenda o expediente e o informe ao que se refire o artigo 56.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (en diante, LCSP). A documentación foi recibida neste Tribunal o día 20.08.2018.

Sexto.- Trasládouse o recurso aos interesados o día 23.08.2018, recibíndose as alegacións de AON.

Sétimo.- O 23.08.2018 o TACGal decide o mantemento da suspensión automática do artigo 53 LCSP.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- Ao abeiro do artigo 35 bis. 5 da Lei 14/2013, de 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, corresponde a este Tribunal a competencia para resolver este recurso.

Segundo.- En virtude do disposto na Disposición Transitoria Primeira.4 LCSP o presente recurso tramitouse conforme os artigos 44 a 60 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, e, no que fose de aplicación, polo Real Decreto 814/2015, de 11 de setembro, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos especiais de revisión de decisións en materia contractual e de organización do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.

Terceiro.- A recorrente foi licitador nesta contratación, polo que procedería a súa lexitimación ad procesum ao abeiro do artigo 48 da LCSP.

Agora ben, dado que o que se impugna aquí é a adxudicación cara a AON, en canto que se critica a motivación existente para con esa decisión, só podemos acoller a lexitimación “ad causam” deste recorrente verbo dos lotes 1 e 3, en canto que nos mesmos WILLIS foi a segunda mellor clasificada, de maneira que a anulación da adxudicación lle pode chegar a implicar un beneficio. No lotes 2 e 4, WILLIS é só o terceiro mellor clasificado, polo que non estando cuestionada no texto do recurso a motivación da valoración da segunda proposición, a acción pretendida de invalidar a concreta adxudicación realizada cara a AON non sería eficaz para un efectivo beneficio a favor de WILLIS. Aquí sempre estaría antes a mellor valoración do



segundo clasificado, valoración non cuestionada e, por ende, firme e consentida, sen que caiba entender que hai tal cuestionamento nunha mera referencia a que o que pasa coa de AON sucede co resto, pois isto non cumpre a carga do recorrente de xustificar o seu recurso (por todas, Resolución TACGal 26/2018, que logo reproduciremos).

Neste sentido, a recente Resolución 554/2018 do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais (TACRC), á que nos remitimos, explica:

“Por lo que se refiere al plazo de interposición, el recurso está interpuesto en plazo. Cuestiona GTT en sus alegaciones la legitimación del recurrente, dado que fue el último clasificado. Tal y como ha señalado este Tribunal en doctrina unánime y ya consolidada, la legitimación del recurrente debe basarse en la existencia de un interés legítimo y directo, es decir, en la expectativa de obtener un beneficio o evitar un perjuicio como consecuencia de la estimación de las pretensiones ejercitadas en el recurso, beneficio o perjuicio que han de ser concretos y no meramente hipotéticos o futuros y que en ningún caso pueden tener por objeto la mera defensa de la legalidad del procedimiento.

Por tal motivo, la legitimación de quien ha quedado clasificado en último lugar, como ocurre en el presente caso, solo resulta admisible cuando la estimación del recurso daría lugar a que su valoración superara a la del primer clasificado, es decir, quedara su propia valoración situada en primer lugar (resoluciones nº 740/2015 o 656/2015, y las que en ellas se citan).

La solicitud que efectúa el recurrente ante este Tribunal es del siguiente tenor:

“SOLICITO que, teniendo por presentado este escrito, se sirva admitirlo, teniendo por interpuesto RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN CONTRA LA RESOLUCIÓN DE Alcaldía nº 917/2018 de fecha 12 de abril del corriente del Ayuntamiento de Almussafes por medio del cual se adjudica el contrato para la prestación del servicio de colaboración con los servicios de inspección tributaria del Ayuntamiento de Almussafes, y, previos los trámites legales procedentes, dicte en su día resolución por la que, estimando el presente recurso, declare la nulidad del presente procedimiento desde su inicio o bien, subsidiariamente, se declare la nulidad de la adjudicación realizada, retrotrayendo las actuaciones al objeto de que por parte del poder adjudicador se dicte adjudicación suficientemente fundada en derecho.”

Es decir, son dos las pretensiones ejercitadas con carácter subsidiario una de la otra: i) la nulidad del procedimiento de licitación y ii) la retroacción del



procedimiento para que se dicte acuerdo de adjudicación “suficientemente fundada en derecho”.

Pues bien, debe darse la razón en este punto a GTT, pues en ningún caso se está solicitando que la adjudicación se efectúe a su favor, sino únicamente que la nueva adjudicación se encuentre “suficientemente fundada en derecho”. Tampoco de sus alegaciones se puede deducir que esa nueva adjudicación lo fuera a ser en su favor, teniendo en cuenta que en sus alegaciones no se cuestiona la valoración dada a todos los licitadores, sino que se limita a efectuar alegaciones de carácter general, no siendo válido, a efectos de sustentar la legitimación, la mera pretensión de salvaguarda de legalidad que parece deducirse en este caso.

En este sentido, es de destacar, que las infracciones denunciadas, o bien son de carácter genérico, relativas a una supuesta falta de motivación, o bien se refieren a la puntuación asignada a la adjudicataria, sin que de las mismas se deduzca que de la estimación del recurso pudiera seguirse una adjudicación en su favor, pretensión ésta que, de hecho no ha sido ejercitada.

Lo que solicita el licitador es únicamente la nulidad de todo el procedimiento, en la esperanza de que una nueva licitación le permita efectuar una nueva oferta, cuestión ésta que ni siquiera cabe anticipar pues sería una cuestión que correspondería en exclusiva determinar al órgano de contratación, siendo una mera hipótesis que no incide de manera suficientemente directa en la esfera jurídica del recurrente como para poder sustentar su legitimación en el sostenimiento del presente recurso.”

Cuarto.- A resolución de adxudicación notificouse o día 23.07.2018, polo que o recurso foi interposto en prazo.

Quinto.- Tanto por tratarse dun contrato de servizos por importe superior a 100.000 euros como por impugnarse o acordo de adxudicación, o recurso é admisible á vista do disposto no art. 44.1.a) e 44.2.c) da LCSP.

Sexto.- O recurrente solicita a anulación da resolución de adxudicación a favor de AON por falta de motivación, recollendo unicamente explicación sobre a motivación no lote 1. Ademais, e unicamente referido ao lote 1, engade que na valoración das ofertas debeuse ter en conta a posibilidade de que o contrato de seguro de responsabilidade quedase deserto, algo ao que facía referencia a súa proposta.

Sétimo.- O informe do órgano de contratación defende a correcta motivación realizada e que corresponde ao órgano de contratación configurar os aspectos a avaliar, sen que se recollera avaliar a previsión polo licitador de que o contrato de seguro quedase deserto.

Oitavo.- AON, no seu escrito de alegacións, trae a inadmisibilidade do recurso de WILLIS respecto dos lotes 2 e 4, por falta de lexitimación activa ao non ser a segunda clasificada.

Afirma tamén que tanto dos termos da propia resolución obxecto do recurso como da documentación obrante no expediente de licitación resultan os elementos necesarios para que os interesados coñezan os motivos da adxudicación do contrato a AON, razón pola cal se daría cumprimento á esixencia de motivación recollida no noso ordenamento xurídico e esta pretensión da recorrente WILLIS debe ser desestimada.

Fronte a alegación de que debía avaliarse que o contrato de seguro quedara deserto, sostén AON que WILLIS pretende con isto ou ben anular a discrecionalidade técnica do órgano de contratación ou modificar os criterios de valoración establecidos nos PCAP.

Noveno.- O recorrente solicita a anulación da resolución de adxudicación a favor de AON por falta de motivación. Reiteramos, unha vez máis, que só se razoa a falta de motivación respecto a que AON fora a mellor valorada, polo que, como vimos só podemos outorgar lexitimación ad causam a WILLIS nos lotes 1 e 3, por ser nos que ocupou a segunda posición nesa clasificación, de forma que só aí eses defectos, de ser acollidos, poderían, no seu caso, facer que finalmente a adxudicación recaeran na recorrente, como segunda clasificada.

A maiores, unha atenta lectura do texto do recurso fai apreciar que, realmente, o único que cuestiona, ou mellor dito, o único onde desenvolve argumentos do nivel axeitado aos efectos formais deste recurso, é respecto o lote 1. Así, como xa avanzamos antes, sendo lotes diferentes non vale como xustificación impugnatoria simplemente expresar que *“nos hemos centrado en el lote 1, pero todo lo manifestado con anterioridad es asimismo predicable del resto de lotes”*.

Cada lote tiña o seu obxecto, específicas regras (equipos mínimos, criterios como os da cláusula 15.2.1...) e de feito a clasificación das ofertas non foi igual en

cada lote (precisamente, xa vimos que así sucedeu con WILLIS), polo que como dixemos na Resolución TACGal 26/2018:

“...a carga de lograr o convencemento deste Tribunal para que se chegue ao solicitado no recurso corresponde, de inicio, ao recorrente, o cal debe recoller un desenvolvemento suficiente na súa argumentación para isto, sen que se poida chegar a suplir de oficio tal carga. Evidentemente, iso non sempre vai ligado á extensión maior ou menor do texto do recurso, senón a que se recollan todos os pasos do seu razoamento, alicerce, en definitiva, da pretensión que solicita.

De feito, isto tamén é necesario para que o órgano de contratación, no seu informe que pode remitir no eido deste recurso, e os interesados, en canto as súas alegacións, teñan plena comprensión dese razoamento actor.

Estas consideracións son acollida por outros Tribunais de recursos contractuais, como son mostra as seguintes Resolucións, de datas moi actuais:

- Resolución 141/2017 do Órgano Administrativo de Recursos Contractuais de Euskadi (OARC/KEAO):

“ Conforme al artículo 44.4 TRLCSP, el escrito de recurso deberá concretar los motivos en que se fundamenta y, por ello, no se pueden aceptar denuncias o solicitudes genéricas de revisión, sin que el recurrente aporte la más mínima motivación sobre la petición de exclusión de la oferta impugnada ni especifique el concreto incumplimiento denunciado (ver, en este sentido, Resolución 130/2015 y Resolución 108/2016 del OARC/KEAO). El propio procedimiento de recurso especial establece una vía procesal concreta con la finalidad de que el recurrente pueda concretar y motivar sus pretensiones.”

En conclusión, debemos declarar a inadmisibilidade por falta de lexitimación ad causam sobre os lotes 2 e 4. Tamén a inicial desestimación sobre o lote 3 por non aportar o recurso o concreto e esixible desenvolvemento argumentativo para acadar a anulación sobre a adxudicación dos mesmos, o cal tamén se proxectaría, de non existir previamente a inadmisibilidade aludida, sobre os lotes 2 e 4 en definitiva.

De todas formas, e a efectos dialécticos, é a propia tese do recorrente a que faría tamén asumir que o que aquí se expresa sería tamén trasladable ao resto dos lotes.

Centrado así o debate, o recurso, que repetimos só analiza realmente o lote 1, sinala que a resolución tan só recolle as distintas puntuacións das ofertas, sen referirse aos motivos das mesmas nin incorporar, aínda como anexo, os informes nos que se fundamenta, polo que, segundo este, non nos atoparíamos ante unha motivación *in aliunde*, senón ante un acordo sen motivar, polo que procedería a súa anulación.

Significar que o propio recorrente aclara que tivo acceso ao expediente e ao informe técnico de valoración das ofertas e, de feito, o recurso analiza o contido do dito informe, o que desbota a posibilidade de estimar que aí exista indefensión que puidese determinar a invalidez do acto cuestionado, sobre o que logo volveremos.

A isto podemos unir que xa na Resolución 44/2018 puxemos de manifesto que a oferta de AON era a que menos declaración de confidencialidade contén, pois todos os demais, incluído o o recorrente, declararon confidencial a totalidade da súa oferta técnica. Concretamente no caso de WILLIS, declarou confidencial non só todo o sobre B, senón tamén todo o sobre A. Engadimos que foi o propio recorrente quen, ao declarar confidencial toda a súa oferta, se contradecía por pedir acceso ao que el mesmo consideraba confidencial para si, o cal se insertaba no principio da prohibición de ir contra os propios actos. Isto foi tratado naquela Resolución, cos efectos de cuestión xa fixada.

Como dicíamos, o presente recurso pormenoriza agora as súas críticas e ao respecto do informe técnico de avaliación das ofertas, entende que carece da explicación suficiente que fundamente a puntuación outorgada a AON.

Para analizar esta cuestión, debemos, en primeiro lugar, reiterar a doutrina deste Tribunal ao respecto da discrecionalidade técnica do órgano de contratación na avaliación das ofertas, en canto a presunción de acerto e validez dos seus criterios técnicos, e sobre as posibilidades de revisión que lle corresponden a este Tribunal, referidas á comprobación da debida motivación dos actos, a que non existan defectos formais, que non se utilicen criterios non previstos ou arbitrarios e a que non existan erros materiais na valoración.

Como recollimos xa en precedentes resolucións do TACGal (por todas, Resolución 5/2018), nestes debates, ao tratarse de aspectos que se avalían con criterios estritamente técnicos, o Tribunal non pode corrixilos aplicando criterios xurídicos, sen prexuízo de que poidan ser obxecto de análise cuestións formais da

valoración, como as normas de competencia ou de procedemento – como sucedeu naquela previa Resolución TACGal 44/2018 sobre esta licitación-, ou a análise de se na valoración se aplicaron criterios arbitrarios ou discriminatorios, ou omisións ou erros materiais ao efectualala. Fóra destes aspectos, o Tribunal debe respectar os resultados de devandita valoración.

Por outra banda, sobre a falta de motivación alegada no recurso, debemos partir da doutrina consolidada polo Tribunal Supremo na súa Sentenza da Sala Terceira do Tribunal Supremo de 19 de xullo de 2010 na que se afirma:

“La fase final de la evolución jurisprudencial la constituye la definición de cuál debe ser el contenido de la motivación para que, cuando sea exigible, pueda ser considerada válidamente realizada. Y a este respecto se ha declarado que ese contenido debe cumplir al menos estas principales exigencias: (a) expresar el material o las fuentes de información sobre las que va a operar el juicio técnico; (b) consignar los criterios de valoración cualitativa que se utilizarán para emitir el juicio técnico; y (c) expresar por qué la aplicación de esos criterios conduce al resultado individualizado que otorga la preferencia a un candidato frente a los demás.”

Así, xa ten expresado este Tribunal que a motivación do órgano de contratación debe ser racional e suficiente. Neste senso, tamén debemos precisar que non pode confundirse a falla de motivación ou que aquela sexa insuficiente, co suposto no que a motivación é racional e axeitada pero non todo o específica que desexaría o licitador descartado, de cumprir o deber de motivación dos actos administrativos. Por exemplo, a Sentenza do Tribunal Xeral da Unión Europea, de 13 de decembro de 2013, asunto T-165/2012, recolle que a obriga de motivación das entidades adxudicadoras se pode cumprir por medio de comentarios sucintos sobre a oferta seleccionada e non seleccionada.

Tampouco cabe caer na confusión de, por esta vía alegatoria, tratar de converter a este Tribunal en órgano de contratación, nin que, en realidade, se agoche un intento de erixirse en tal o propio recorrente.

Dado o anterior marco, a resolución de adxudicación impugnada acolle a proposta realizada pola mesa de contratación que, a súa vez, segue o criterio do informe técnico, informe ao que tivo acceso o recorrente antes da interposición deste recurso, como recolle expresamente o mesmo, pois o 19.06.2018 se lle deu tal acceso ao expediente, agás nas partes confidenciais. Ademais tal informe constaba como anexo da acta 3 da mesa de contratación, de 04.05.2018, onde se asume tal criterio,



acta e informe colgados na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia o 07.05.2018. Finalmente o texto do recurso da perfecta conta do mesmo, polo que, como xa avanzamos, non hai percorrido posible sobre este aspecto.

A maiores, o recurso describe primeiramente o lote 1 e os seus criterios valoración.

O lote 1 era referido a:

“Os servizos relativos á mediación nos contratos de seguros que cobren os seguintes riscos:

-riscos derivados da responsabilidade civil/patrimonial da Xunta de Galicia.

- riscos derivados da responsabilidade civil/patrimonial sanitaria do Servizo Galego de Saúde.”

Segundo a cláusula 9 PCAP o adxudicatario dese lote, pola prestación de servizos incluídos nesta contratación será retribuído mediante unha comisión do 5% polas Aseguradoras, tomando como base de cálculo a prima neta.

A recorrente, sobre este lote 1, cuestiona a valoración dos criterios non avaliados mediante fórmula, que eran:

“15.1 Criterios non avaliados mediante fórmula matemática: ata 80 puntos

15.1.1.-OFERTA TÉCNICA: ata un máximo de 80 puntos.

Presentarase unha memoria técnica para cada un dos lotes aos que se opte.

A memoria técnica non poderá exceder de 25 páxinas (as páxinas que excedan ou superen o máximo establecido non serán lícitas e, polo tanto, non serán tidas en conta para os efectos da puntuación) en tamaño de letra 12 para cada un dos lotes.

A. Plan de Seguros. Valorarase o seguinte:

A.1.-Proposta de mellora da póliza vixente. Valoraranse as propostas razoadas que inclúan posibles novas coberturas, posibles cambios no ámbito subxectivo e posibles modificacións no réxime de franquías existentes. Na dita proposta respectarase o importe máximo da prima a pagar que se calculará para cada lote a partir das previsións establecidas nas cláusulas 7 e 9 deste cadro de características.



A.2.-Cronograma de actuacións en relación coa renovación da póliza vixente. Valoraranse os tempos propostos para a renovación da póliza de acordo coa normativa vixente.

A.3.-Metodoloxía e sistema de traballo para a confección e entrega dos informes periódicos e demandas de asesoramento que se lles soliciten en materia de xerencia de riscos e seguros.

A.4.- Análise sobre a posible transferencia externa doutros riscos non asegurados por esta Administración. Valorarase o grao de adecuación das propostas e a súa viabilidade.

B. Procedemento operativo para a xestión e tramitación das reclamacións e sinistros. Valorarase o seguinte:

B.1.-Procedemento xeral operativo e de control na tramitación da reclamacións e doutros sinistros. Valorarase o grao de participación dos diferentes actores na prestación do servizo, a posible necesidade de reunións específicas para temas concretos e o papel das comisións de seguimento de sinistros problemáticos.

B.2.-Propostas de apoio á xestión das reclamacións e dos sinistros. Valorarase a metodoloxía proposta para a realización dos informes en caso de rexeitamentos pola compañía, dos informes periciais teña ou non cobertura o sinistro. Valoraranse, tamén, a proposta doutros servizos adicionais que repercutan na mellora da xestión das reclamacións e dos sinistros.

B.3.- Sistema de xestión para a rápida satisfacción por parte da entidade aseguradora das indemnizacións e prestacións ao seu cargo. Valorarase o grao de viabilidade do sistema proposto.

B.4.- Medidas de seguridade para garantir a confidencialidade e a protección de datos que se manexen na tramitación de reclamacións e sinistros. Valorarase o grao de viabilidade das medidas propostas.

C. Metodoloxía relativa á xestión organizativa e tempos de resposta para a prestación do servizo. Valorarase:

C.1.- Sistema de organización e funcionamento do equipo ofertado.

C.2.- Roles e responsabilidades do equipo.

C.3.- Tipo e o tempo de resposta do persoal especializado no caso de necesidade de asesoramento inmediato para temas concretos como cobertura de sinistros, contía das indemnizacións e xustificación necesaria ou retraso no pagamento.

A valoración da oferta técnica farase de acordo coa seguinte táboa:

CRITERIOS DE VALORACIÓN (80 puntos)		
A. Plan de Seguros		30 puntos
A.1 Proposta de mellora da póliza vixente	ata 10 puntos	
A.2 Cronograma	ata 3 puntos	
A.3 Metodoloxía para informes e asesoramento	ata 10 puntos	
A.4 Análise sobre transferencia externa de riscos	ata 7 puntos	



B. Procedemento para xestión e tramitación das reclamacións e sinistros		30 puntos
B.1 Procedemento xeral operativo e de control	ata 7 puntos	
B.2 Apoio á xestión das reclamacións e dos sinistros	ata 13 puntos	
B.3 Rápida satisfacción das indemnizacións e prestacións	ata 5 puntos	
B.4 Garantía da confidencialidade e protección de datos	ata 5 puntos	
C. Metodoloxía relativa á xestión organizativa e tempos de resposta		20 puntos
C.1 Descrición do sistema de organización e funcionamento do equipo	ata 5 puntos	
C.2 Roles e responsabilidades do equipo	ata 5 puntos	
C.3 Metodoloxía para o asesoramento inmediato en temas concretos	ata 10 puntos	

Observaremos, en primeiro lugar, como os pregos tiñan un importante desenvolvemento nos criterios así como na descrición dos mesmos, o cal redundaría, sen dúbida, no escenario final de determinación de se a decisión da Administración ten elementos para recoñecer en base á que foi adoptada, e, en último caso, de exclusión da arbitrariedade.

Por outra banda, houbo, como vimos, un informe técnico sobre os criterios sometidos a xuízos de valor, onde se apreciaba que se avaliaba cada lote por separado, con descrición en cada lote dos criterios dos pregos, e isto, a súa vez, para cada un das proposicións presentadas.

En definitiva, este TACGal observa que tal informe recolle unha argumentación suficiente da análise da oferta de AON e das demais, argumentación que desbota en definitiva a existencia de erros, arbitrariedades ou outros elementos de revisión neste recurso especial, segundo o dito.

Como mostra, o informe recolle sobre AON:

“A. PLAN DE SEGUROS

(....)



AON GIL Y CARVAJAL: 25,5 puntos

No relativo ás propostas de mellora da póliza vixente, amosan un coñecemento amplo tanto da actual póliza como das circunstancias actuais do mercado asegurador e dos cambios operados nos últimos anos. Dende este punto de vista, o plantexamento das melloras propostas respecto da actual póliza semella, en xeral, axustado ás necesidades da Administración e viable dende o punto de vista práctico. As melloras propostas, que se amosan detalladas e fundamentadas, inclúen novas coberturas en ambas as dúas seccións (sanitaria e xeral) e recollen todos os aspectos requiridos no prego, respectando en todo caso o importe máximo da prima a pagar. Considéranse tamén outros aspectos relacionados coa póliza nos que xustifica o mantemento das condicións actuais ou a imposibilidade da súa modificación.

O cronograma presentado establece unha relación detallada das distintas fases e as actuacións necesarias para a renovación da póliza que se contrate a partir do 1 de xullo do presente ano, especificando prazos concretos para cada unha delas conforme ao procedemento de contratación, así como recollendo a posibilidade de convocatoria dunha nova licitación no caso de non procederse á prórroga do contrato.

En canto ao sistema de traballo, presenta unha metodoloxía detallada para informes e asesoramento, facilitando o acceso a unha aplicación informática propia para a obtención de información en calquera momento. Ao mesmo tempo, presenta un cronograma das reunións de control e coordinación cos distintos actores implicados, así como información detallada dos informes a realizar, explicitando tipoloxía e tempo de emisión. Inclúe tamén con detalle a atención ás demandas de asesoramento formuladas pola Administración. Destaca tamén a súa aposta da "oficina sen papeis" e a posta a disposición dunha auditoría de calidade respecto do servizo prestado.

Finalmente, no relativo aos riscos externos susceptibles de transferencia, a proposta presentada resulta cualitativa e cuantitativamente mais completa que a das demais licitadoras, facendo ademais referencia á lexislación sectorial sobre seguros obrigatorios.

B. PROCEDIMENTO OPERATIVO PARA A XESTIÓN E TRAMITACIÓN DAS RECLAMACIÓNS E SINISTROS (ata 30 puntos)

(...)

AON GIL Y CARVAJAL: 26,5 puntos



Presenta un procedemento de xestión completo e estruturado, periodificado e axustado ás necesidades reais da Administración, destacando o deseño de funcionamento para as comisións de seguimento de sinistros, a concreción de prazos, as aplicacións informáticas a empregar e a metodoloxía seguida.

A metodoloxía proposta para dar apoio á xestión das reclamacións e dos sinistros preséntase ben estruturada, con melloras respecto dos outros licitadores (maior frecuencia para a presentación de reportes por rexeitamentos e redución dos prazos para a emisión de informes periciais). Asemade, achega unha proposta completa de servizos adicionais susceptibles de repercutir na mellora da xestión das reclamacións e sinistros, algúns deles baseados en experiencias reais contrastadas.

Polo que respecta ao subapartado 8.3., presentan un protocolo de actuación conxunta coa Administración para o caso das reclamacións de alto impacto, así como outras prestacións que se estima contribuirían de xeito eficaz á rápida satisfacción das indemnizacións (sistema de alarmas). Determinase o tipo de procedemento a seguir en función da diferente tipoloxía de sinistros, con especial atención aos sinistros pendentes de peche. Con carácter xeral, a proposta presentada resulta completa e suficientemente detallada de cara a ponderar a viabilidade na súa implantación.

Por último, no tocante ás medidas de seguridade para garantir a confidencialidade e a protección de datos que se manexen na tramitación das reclamacións e sinistros, a proposta presentada efectúase tendo en conta o novo marco normativo europeo en materia de protección de datos de carácter persoal (Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE), ao tempo que reflicte, dende un punto de vista máis práctico, como repercuten os sistemas de arquivo e documentación propostos no tratamento dos datos.

C METODOLOXÍA RELATIVA Á XESTIÓN ORGANIZATIVA E TEMPOS DE RESPOSTA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO (ata 20 puntos)

(...)

AON GIL Y CARVAJAL: 14 puntos



Presenta un sistema de organización e funcionamento baseado no equipo de traballo e a súa distribución territorial por oficinas (A Coruña e Vigo), ofrecendo a prestación do seu servizo dende a oficina situada na Coruña.

Polo que se retire ao subapartado C.2., definen adecuadamente, a inda que de xeito bastante similar ao resto de licitadores, as funcións e responsabilidades de cada un dos membros do equipo.

Por último, no que respecta ao tipo e tempo de resposta para o asesoramento inmediato para temas concretos, ofrecen resposta inmediata e varias vías de contacto, con plena dispoñibilidade e en tempo real, mais a súa proposta resulta menos detallada na presentación dos distintos escenarios posibles que a oferta que obtén a puntuación mais alta.

Visto o anterior, non podemos acoller que non exista desenvolvemento argumentativo suficiente a efectos de motivación da decisión adoptada, traendo explicacións que se axustan ademais á oferta presentada pola adxudicataria, como resulta da análise ao abeiro das facultades deste Tribunal en base á primeira frase do art. 56.5 in fine LCSP.

Como indicabamos na nosa Resolución TACGal 9/2018 :

“En definitiva, cabe concluír que non se aportan a este Tribunal elementos para apreciar que houbera un erro patente, unha aplicación arbitraria ou desigual, ou infraccións formais, polo que as alegacións vertidas responden entón a unha diferenza de criterio do impugnante fronte a valoración efectuada por quen ten a competencia para isto, o cal excede do carácter revisor do axuízamento que, nestes debates, corresponde ao TACGal”.

Con anterioridade na Resolución 5/2018 lembramos que:

“A recente Sentenza do Tribunal Xeral da Unión Europea de 1 de febreiro de 2018, asunto T-477/15, reforza o dito por canto considera que non se pode esixir á entidade adxudicadora que comunique a un licitador seleccionado, ademais dos motivos polos que rexeitou a súa oferta, un resumo detallado de como se tivo en conta cada detalle da súa oferta ao avaliala e unha análise comparativa minuciosa da súa oferta en relación á oferta da adxudicataria. Engade ademais que un comité de avaliación debe poder ter certa marxe de manobra para levar a cabo a súa tarefa e , sen modificar os criterios de adxudicación do contrato establecidos no prego de condicións ou o anuncio de licitación, estruturar o seu propio traballo de exame e análise das ofertas presentadas (con cita á sentenza do 4 de outubro de 2012,

Evropaïki Dynamiki/Comisión, asunto C-629 / 11 P, non publicado, EU: C: 2012: 617, parágrafo 21).”

Finalmente o recurso recolle que “necesariamente” se tiña que ter valorado que o novo contrato de seguro de responsabilidade puidera quedar deserto, en tanto que iso foi o que finalmente sucedeu. Aquí xa alude exclusivamente o lote 1.

Ante todo, a diferenza de puntos na avaliación destes criterios non automáticos entre AON e WILLIS no lote 1, 13 puntos, dificilmente podería ser subvertido por este aspecto, a efectos de cambiar o adxudicatario. Dende logo, non hai desenvolvemento argumentativo a estes efectos suficiente no recurso, sen que sexa acollible tentalo acadar polo mero exercicio de ubicar este aspecto en moitos criterios á vez, para recabar puntuación, polo mesmo, en moitos deles.

Pero a maiores, que entrara agora este aspecto como criterio de avaliación e máis con ese potencial de puntuación, suporía, en realidade, introducir un elemento non recollido nos pregos, de forma que poderían ser o resto de licitadores os que criticarían, lexitimamente, un movemento deste nivel, cando non se impugnaron os pregos.

En todo caso, como xa dixemos, tampouco se pode pedir a ese Tribunal que se converta en Administración contratante, ou permitir que o recorrente adopte tal papel, pois é ao órgano de contratación ao que corresponde adoptar as súas decisións dentro da súa discrecionalidade técnica, de forma que nos corresponde só un carácter revisor desta, sobre o que xa recolleemos que non se aprecia arbitrariedade, senón seguimentos dos criterios precisamente previstos nos pregos.

Tampouco merece maior detemento a referencia do recurso a que se ese contrato de seguro quedou deserto foi por unha mala execución por AON do anterior contrato de mediación, pois dos seus propios termos parece que se alude á fase de execución e dunha licitación previa, polo tanto, alleo ao presente debate, unido, finalmente, á xeneralidade con que esta alegación está presentada.

Por todo o anterior, vistos os preceptos legais de aplicación, este Tribunal, en sesión celebrada no día da data, **RESOLVE:**

1. **Inadmitir** o recurso interposto por WILLIS IBERIA CORREDURIA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A. contra o acordo de adxudicación do contrato de servizos de mediación e asesoramento en materia de seguros da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, expediente tramitado pola Consellería de Facenda con número FAC 05/2018, en relación aos lotes 2 e 4 deste.

2. **Desestimar**, en todo caso e para o conxunto dos lotes en base ao explicado, o recurso interposto por WILLIS IBERIA CORREDURIA DE SEGUROS Y REASEGUROS S.A. contra o acordo de adxudicación do contrato de servizos de mediación e asesoramento en materia de seguros da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, expediente tramitado pola Consellería de Facenda con número FAC 05/2018.

3. Levantar a suspensión acordada no seu día.

4. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP.

Esta resolución, directamente executiva no seus propios termos, é definitiva na vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso perante a Sala do contencioso-administrativo del Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 10.1.k) e 46.1 de la Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.